

# LUGAR DA COMPETIÇÃO



**EXCLUSIVO**  
**PARA CAZADORES FEDERADOS**



## MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,  
nunha das oficinas da  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
ou na nosa web

[www.federaciongalegadedecaza.com](http://www.federaciongalegadedecaza.com)



**"A Caza, unha actividade física saudable  
en plena natureza"**

# XXII Campeonato Galego Compak Sporting

28 / 29  
maio  
2022

## Campo de Tiro "Río Sar" Trazo (A Coruña)

Federación Galega de Caza

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

MUTUASPORT

Ufedega

Sociedad Deportiva RIO SAR

CHAIAN - VELOUCHADA - TRAZO

NON STOP VIOLENCIA XÉNERO

SOLOGNAC

## COMITÉ ORGANIZADOR

### **DON JAVIER NOGUEIRA DIZ**

Presidente Federación Galega de Caza

### **DON JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR**

Presidente Federación Galega de Caza na Coruña

### **DON JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO**

Presidente Sociedade de Caza 'Río Sar'

### **DON JOSÉ MOURE CANEDA**

Secretario Xeral Federación Galega de Caza

## DIRECTOR DE TIRO

### **DON JOSÉ A. PENA FERNÁNDEZ**

Delegado de Tiro da Federación Galega de Caza

## ÁRBITROS

Serán designados polo Comité de Xuíces e Árbitros da FGC

## XURADO DE COMPETICIÓN

Nomearase pola Federación Galega de Caza

## SORTEO DE ESCUADRAS E DORSAIS

O sorteo de escuadras e dorsais realizarase o día 25 de maio ás 9:00 horas, na sede da Federación Galega de Caza en Santiago de Compostela.

## REGULAMENTO

O campionato rexerese polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e normas complementarias da Federación Galega de Caza.

Segundo a normativa de Compak Sporting e Percorridos de Caza, é obrigatorio o emprego de proteccións acústicas e ópticas para participantes e para xuíces.

*Para participar en calquera proba é obrigatorio ter a documentación en vigor para a competición na que se participa, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.*

## DATAS E HORARIOS

**28 de maio de 2022**

Adestramentos a partir das 11:00 h

**29 de maio de 2022**

**8:00 h – Concentración de participantes no campo de tiro.**

**8:30 h – Comezo da competición**

## PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado Río Sar, sito en Vilouchada - Chaián, concello de Trazo (A Coruña) sobre 150 pratos, nas categorías de Home, Muller, Sénior, Veterano, Master, Xuvenís e Tiro Adaptado.

Participarán 66 tiradores oficiais: 18 por A Coruña, 17 por Lugo, 13 por Ourense e 17 por Pontevedra máis o campión do ano anterior.

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta, na sede da FGC antes do día 25 de maio. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas, deberán dispor de un seguro de R.C. cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 25 de maio. O pago da inscrición poderá realizarse antes de remata-lo prazo da mesma mediante transferencia en **Abanca na conta ES59 2080 0393 74 3040000159**,

**PREZO INSCRICIÓN: 70€ HOME, MULLER, SENIOR, VETERANO E MASTER  
40 € XUVENIL**

Será Campión Galego o mellor clasificado no campionato autonómico, sempre que participara nun campionato provincial. O nº de prazas da selección galega estará formado por 6 tiradores, 4 da categoría home, clasificados conforme á normativa de competicións da FGC, e 2 tiradores pertencentes a dúas categorías especiais (sénior, donas, xuvenís, veteranos, Master e Tiro adaptado). Para a elección das categorías especiais tomarase como base aquelas nas que o primeiro clasificado obtivera maior número de pratos escachados no Campionato Galego conforme á normativa de competicións da FGC. A competición axustarase ó Protocolo Fisicovid da FGC, aprobado por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte con data 16/12/2021.

O COMITÉ ORGANIZADOR RESERVA SE O DEREITO DE MODIFICA-LO SEGUINTE PROGRAMA SE CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS ASÍ O ACONSELLAN.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.